



Teaching Guide

Identifying Data				2022/23
Subject (*)	Literature, Culture and Identity	Code	613584121	
Study programme	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Official Master's Degree	2nd four-month period	First	Optional	3
Language	GalicianPortuguese			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Letras			
Coordinador	Luíis Gamallo, María Obdulia	E-mail	m.luis@udc.es	
Lecturers	Luíis Gamallo, María Obdulia	E-mail	m.luis@udc.es	
Web	www.udc.es/filo/MLCD.html			
General description	Aproximación ao estudo da expresión da identidade nas súas diferentes formas: nacional, étnica, social, persoal, etc., tanto nos textos literarios como noutros ámbitos da representación cultural e visual. Na sección de contidos figuran os temas específicos que serán tratados na materia.			

Study programme competences

Code	Study programme competences
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural
A3	Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais
A4	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos
A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A13	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador



Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Coñecer, comprender e saber avaliar criticamente unha parte dos discursos teóricos que reflexionan sobre a identidade.	AC1 AC3 AC4 AC6 AC8	BJ1	CC2 CC4 CC5
Desenvolver a capacidade de participar con precisión de pensamento e expresión (tanto oralmente como por escrito) nos debates propios destes estudos.	AC4 AC9 AR1 AR2	BJ1 BJ2 BJ7	CC1 CC2 CC4 CR1
Realizar análises de textos literarios a partir dos marcos teóricos definidos na materia.	AC1 AC2 AC3 AC4 AC6 AR3	BJ2 BJ3 BJ4 BJ7	CC6 CR1
Ser quen de desenvolver investigacións avanzadas na análise dos textos literarios desde un enfoque orixinal e creativo.	AC1 AC2 AC3 AC4 AC6 AC8 AC9 AR2 AR3	BJ1 BJ5	CC2 CC5 CC6
Integrar os estudos literarios nun contexto cultural extenso atendendo á diversidade cultural, ás minorías e á diáspora.	AC1 AC2 AC3 AC4 AC8 AC9 AR2 AR3	BJ2 BJ3 BJ4 BJ5	CC2 CC4 CC6 CR1
Ser quen de valorar a diversidade cultural e integrar coñecementos de campos de estudos diversos.	AC1 AC2 AR2	BJ2 BJ4	CC2 CC5 CR1

Contents	
Topic	Sub-topic
1. Narrativa e construción nacional	1.1. Nacionalismo literario vs literatura nacional: Manuel Rivas e Suso de Toro 1.2. A cuestión lingüística na construción dunha identidade nacional: Boubacar Boris Diop
2. A literatura mundo e/ou a negación da identidade	2.1. A literatura da francofonía: Alain Mabanckou e Boubacar Boris Diop 2.2. As literaturas colonizadas fronte ao espello: os casos galego e senegalés
3. Literatura, identidade e xénero	3.1. Rosalía de Castro e Mariama Bâ 3.2. Outras escritoras africanas: Ken Bugul, Tanella Boni, Fatou Diome, Aminata Sow Fall, Paulina Chiziane, Chimamanda Ngozi Adichie.



Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Workbook	A1 A4 A6 A8 B5 B7 C4 C5	2	20	22
Guest lecture / keynote speech	A13 A1 A2 A4 A6 A8 A9 A12 B8 C2 C4 C7 C5	6	6	12
Supervised projects	A13 A1 A2 A3 A4 A6 A8 A9 A12 B6 B8 B10 C1 C4 C7 C6	0	16	16
Workshop	A1 A2 A4 A6 A8 A12 B6 B8 B10 C1 C4 C7 C6	6	8	14
Collaborative learning	A13 A2 A3 A4 A14 A12 B4 B5 B7 B8 C1 C2 C5 C6	1	4	5
Online forum	A2 A3 A6 A9 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C4 C7	0	4	4
Personalized attention		2	0	2

(*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Workbook	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas. Estas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do alumnado no foro virtual e na aula.
Guest lecture / keynote speech	Exposición da profesora co fin de introducir o contexto teórico e cultural do tema correspondente, así como os fundamentos teóricos e metodolóxicos da materia.
Supervised projects	Cada estudante terá que realizar un traballo final obrigatorio sobre algún aspecto relacionado co temario, que terá o formato dun breve ensaio e cuxo tema e orientación requirirán o visto e prace da profesora en sesións de seguimento.
Workshop	Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistras coas sesións interactivas, nas que a participación do estudantado será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, comentario de textos. Todas elas terán como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente pola profesora.
Collaborative learning	A aprendizaxe colaborativa permitiralle ao estudantado achegarse aos textos antes das leccións maxistras para que poda participar con maior implicación nas actividades de diverso tipo que se levarán a cabo: discusións dirixidas, comentario de textos.
Online forum	En relación coa aprendizaxe colaborativa, o foro virtual será unha ferramenta esencial e obrigada de intercambio entre o estudantado e a profesora para analizar e comentar os textos e as lecturas propostas antes das leccións maxistras: o obxectivo é que o estudantado poda participar con maior implicación nas actividades de diverso tipo que se levarán a cabo durante as sesións maxistras.

Personalized attention	
Methodologies	Description



Collaborative learning Guest lecture / keynote speech Online forum Supervised projects Workbook Workshop	A profesora encargárase de recibir e asesorar o alumnado en todas as cuestións que lle formular; ao tempo tratará en todo momento lle facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas, etc que puideren ser do seu interese. Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudiantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.
--	---

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Online forum	A2 A3 A6 A9 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C4 C7	O foro virtual servirá para organizar o traballo colaborativo que se valorará nas intervencións e participación do alumnado.	10
Supervised projects	A13 A1 A2 A3 A4 A6 A8 A9 A12 B6 B8 B10 C1 C4 C7 C6	O traballo final obrigatorio consistirá na elaboración dun breve ensaio orixinal sobre un aspecto relacionado cun punto do programa. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da investigación e a claridade expositiva e expresiva.	60
Workbook	A1 A4 A6 A8 B5 B7 C4 C5	As lecturas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións no foro virtual e na aula.	20
Workshop	A1 A2 A4 A6 A8 A12 B6 B8 B10 C1 C4 C7 C6	Valorarase a participación activa nas distintas actividades que se desenvolvan no foro virtual e na aula: discusión dirixida, análise e comentario dos textos propostos, etc.	10

Assessment comments



LEAATENTAMENTE A INFORMACIÓN QUE SEGUE:

1. O alumnado ten dúas oportunidades para aprobar amateria: a primeira ao remate do primeiro cuadrimestre e a segunda no mes dexullo. As datas oficiais deben ser contrastadas polo alumnado nos taboleiros oficiais ou na páxina web do centro inmediatamente antes de cada período de exames.

2. A materia está dividida en 2 partes: teórico-práctica [contidos gramaticais, comprensión lectora, expresión escrita] (60% da nota final) e práctica [léxico, expresión, comprensión e interacción oral] (40% da nota final). É necesario obter unha nota mínima global de 5 sobre 10 en cada parte para superar a totalidade da materia. No caso de aprobar só unha parte da materia na primeira oportunidade conservaríase a nota para a segunda oportunidade de xullo.

2.1. En cada parte da materia é obrigatorio obter unha nota mínima de 5 sobre 10 nunha proba final escrita ao remate do 1º cuadrimestre (na data, hora e lugar recollidos no calendario oficial de exames da facultade).

2.2. Na parte práctica será ademais obrigatorio realizar e aprobar cunha nota mínima de 5 sobre 10 unha proba oral final, que se realizará ao remate do 1º cuadrimestre. O profesor comunicará públicamente a data, hora e lugar de realización deste exame oral.

2.3. En cada parte da materia é obrigatorio realizar un conxunto de exercicios ou tarefas de práctica de todas as destrezas obxecto da materia. Normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar un exercicio non presencial. Agás causa xustificada e sempre con autorización expresa do profesorado, non se admitirán as actividades entregadas fóra do prazo determinado para cada unha delas. Para que estas actividades poidan ser tidas en conta na cualificación final é preciso ter realizado e aprobado, antes da realización do exame da primeira oportunidade, o 75% das actividades programadas e obter unha nota media de 5 sobre 10.

3. Tendo en conta o anteriormente exposto, a cualificación final do alumnado responderá ao seguinte reparto porcentual:

3.1. Parte teórico-práctica (60% da cualificación final):

a) Un 50% da nota valorará o exame escrito (debe cumprir os requisitos do apartado 2.1).

b) Un 45% valorará as actividades (deben cumprir os requisitos do apartado 2.3).

c) Un 5% corresponderá á asistencia regular ás actividades presenciais e á valoración que mereza por parte do profesorado a participación do alumnado nas distintas actividades presenciais ou non presenciais.

Esta parte considérase aprobada se a suma dos apartados a, b, c é igual ou superior a 5 sobre 10.

Os contidos e destrezas dos apartados a, b desta parte da materia son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda oportunidade de xullo (ver apartado 4).

3.2. Parte práctica (40% da cualificación final):

a) Un 30% valorará o exame escrito (debe cumprir os requisitos do apartado 2.1).

b) Un 30% valorará o exame oral (debe cumprir os requisitos do apartado 2.2).

c) Un 35% valorará as actividades (deben cumprir os requisitos do apartado 2.3).

d) Un 5% corresponderá á asistencia regular ás actividades presenciais e á valoración que mereza por parte do profesorado a participación do alumnado nas distintas actividades presenciais ou non presenciais.

Esta parte considérase aprobada se a suma dos apartados a, b, c, d é igual ou superior a 5 sobre 10.

Os contidos e destrezas dos apartados a, b, c son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda oportunidade de xullo (ver apartado 4).

4. O alumno-a alumna que na primeira oportunidade non supere globalmente a materia segundo os criterios anteriormente expostos poderá recuperar a totalidade ou parcialmente na oportunidade de xullo (na data, hora e lugar recollidos no calendario oficial de exames da facultade) segundo as porcentaxes e criterios expresados máis arriba.

4.1. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nos exames escritos ou no exame oral, deberá facelo(s) de novo na segunda oportunidade. A data, lugar e hora de realización do exame oral da segunda oportunidade comunicaranse durante a realización do exame escrito.

4.2. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nas actividades, deberá realizar para a segunda oportunidade unha serie de tarefas substitutivas nas que terá que demostrar ter acadado as competencias da materia nas distintas destrezas. O profesorado da materia fará públicas xunto coas notas da oportunidade de xaneiro de 2019 as instrucións correspondentes (actividades asignadas, datas de recollida e entrega, etc.).

4.3. De suspender a materia na primeira oportunidade e ter unha puntuación de 0 punto no apartado de asistencia en cada parte da materia, a porcentaxe asignada a este apartado (5%) engadirase a unhas partes que haxa que recuperar, nesta orde de prelación: a) exame escrito; b) actividades; c) exame oral.

5. Na convocatoria extraordinaria de decembro o alumnado será avaliado das súas competencias nas distintas destrezas da materia mediante unha proba escrita teórico-práctica (nota mínima de 5 sobre 10; 60% da nota final) e unha proba oral (nota mínima de 5 sobre 10; 40% da nota final).

6. En cada oportunidade de avaliación o alumno-a alumna recibirá a calificación NP de se dar simultaneamente estas dúas situacións: se non se presentar a ningunha das probas oficiais de avaliación (escritas e oral) e se o número de actividades presentadas for igual ou inferior ao 25% das

programadas en cada parte da materia. 7. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia pode, sen asistir ás aulas, realizar e entregar as actividades programadas segundo o disposto no apartado 2.3 (as actividades presenciais serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). En caso contrario, aplicaráselle o establecido no apartado 4.2. En calquera caso, a porcentaxe asignada en cada parte da materia á asistencia (5%) reasígnase como se indica no apartado 4.3. 8. Nos casos non contemplados anteriormente aplicarase o disposto nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da UDC. 9. Os traballos escritos poden ser revisados a través da aplicación Turnitin

Written work may be tested through Turnitin in order to detect wrong citations, plagiarism or any other type of fraud. Should this occur, the rules for plagiarism will be applied. (Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario). Turnitin recognises papers previously turned in by other people (or the student him/herself) at this university or other universities, as well as other material found on Internet.



Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none"> - Alvarez Méndez, Natalia (2010). Palabras desencadenadas: aproximación a la teoría literaria postcolonial y a la escritura hispano-negroafricana. Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza - Diop, Boubacar Boris (2009). Africa más allá del espejo. Barcelona: Oozebap - Fernández Freixanes, Víctor (2001). Galicia, unha luz no Atlántico. Vigo: Xerais - Figueroa, Antón (1996). Lecturas alleas (Sobre das relacións con outras literaturas). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco - Figueroa, Antón (2001). Nación, literatura, identidade. Vigo: Xerais - Figueroa, Antón (2010). Ideoloxía e autonomía no campo cultural galego. Santiago de Compostela: Laiovento - González-Millán, Xosé (1994). "Do nacionalismo literario á literatura nacional: hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega". Anuario de estudos literarios galegos 1994: 67-81 - Kesteloot, Lilyan (2009). Historia de la literatura negroafricana: una visión panorámica desde la francofonía. El Cobre: Barcelona - Lander, Edgardo (2000). La colonialidad del saber: eurocentrismo y ciencias sociales. Perspectivas Latinoamericanas. Buenos Aires: Consejo Latinoamericano de Ciencias Sociales - López Teresa; Malingret, Laurence e Torres Feijó, Elias J. (2017). Estudios literarios e campo cultural galego. En honra do profesor Antón Figueroa. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela - Mabanckou, Alain (2017). El llanto del hombre negro. Madrid: La Catarata - Rodríguez, Francisco / Suevos, Ramón (1978). Problemática nacional e colonialismo. O caso galego. Santiago de Compostela: Xistral - Salinas Portugal, Francisco (1994). Rosto negro: O Contexto das Literaturas Africanas. Santiago de Compostela: Laiovento - Thiesse, Anne Marie (2001). La création des identités nationales. Europe XVIIIe-XXe siècle. París: Seuil - VVAA (1995). La mujer escritora en las literaturas francófonas. Cádiz: Universidad de Cádiz - Warnier, Jean-Pierre (2002). La mundialización de la cultura. Gedisa: Barcelona
Complementary	Durante o curso proporcionarase máis bibliografía específica.

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: mluis@udc.es

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.